¡ABORDAXE!

Boletín informativo anarquista
nº 18 · Galiza · Abril 2017 · mensual

abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net



Resposta do CSO A Insumisa ao ataque orquestrado em "La Coz"

*Por **O gajeiro na gavea.***

Quem tenha arrestos para colher e olhar este bódrio jornalístico -feito na Galiza e que, pese a viver graças ás subvençons das instituiçons e ás suas interesadas anunciantes (mesmo de prostituiçom), sementa o autoódio pola nossa língua e costumes e é entusiata porta-voz dos ideias patrióticos espanhois encarnados nas políticas partidárias da direitona (PSOE) e da extrema direita (PP) e do capitalismo destruitivo e vertical e que já foi merescente de várias campanhas de "**Boicoz**"– nom se estranharia de lêr, nestes últimos días, um feixe de cabeçalhos de notícias e artigos de opinadores sobre os perigos das okupaçons e como evita-las e/ou combatilas, mesmo de supostos intermediários que se forram a conta de especular com edifícios okupas (a quem curiosamente ***"La Coz"*** da voz pero agocha a identidade destes aproveitados) e além, no caso da sua ediçom feita em A Corunha, atopará até quatro artigos escritos e publicados em 24, 26, 27 e 28 de março com crónicas e fotografias que pretendem dar umha má imagem da fantástica laboura realizada no **CSO A Insumisa** desde que fora okupada e aberta á cidadania em 24 de novembro do ano passado e que mesmo mintem ao respeito dumhas supostas boas relaçons entre governo municipal de **A Marea** e as okupas. Como prova de tal campanha orquestrada vala esta imagem da busca que figem no google das notícias que tiveram o termo "okupa" e sairam neste falsimédio na última semana(pódese consultar a imaxe no blog ogajeironagavea. wordpress.com).

Como o objetivo deste falsimédio é tergiversar e manipular para assim pretender influir na opiniom das pessoas que nunca se passaram por lá para ver e comprovar polos seus próprios olhos o que lá se está a fazer e construir día a día; as compas que conformam a assembleia (aberta e participativa a quem quiger) do **CSO "A Insumisa"** virom-se forçadas a respostar as mentiras verquidas e publicar um seu Comunicado na sua página dumha rede social da internet que cópio e colo para ajudar a dar-lhe pulo e difusom; mais tamém dou pulo a um boíssimo comentário assinado por ***suko5824*** (que traduzo) dirigido em resposta a um tal **C.Díaz**, assinante dos 2 artigos em **"La Coz"** , quem *"aproveitando a que se lhe abrirom as portas (como se fai com qualquer), tomou fotografias onde saem pessoas (sem pedirlhes permiso), volveu á oficina e para seu benefício laboral e económico persoal, compartilhou informaçom sobre as condiçons, situaçom e incluso pessoas que lá se atopam, publicando 2 artigos num meio de comunicaçom privativo com copyright sobre seus contidos":*

Comunicado de "A Insumisa":

Ola Coruña! Somos as okupas; a asemblea que xestiona o "Centro Social Okupado A Insumisa" da rúa Metrosidero. Vémonos na obriga de sacar este novo comunicado ante a maliciosa campaña de intoxicación mediática lanzada na nosa contra polo xornal "La Voz de Galicia". Somos conscientes de que este tendencioso medio de orientación conservadora carga contra nós, entre outras cousas, para usarnos como ariete contra o actual goberno municipal de "A Marea". A nós as súas conspiracións palaciegas para derrubar o actual concello e aupar de novo ao P.P. ao poder tráennos sen coidado, pero como as manipulacións e terxiversacións contra a nosa okupa chegaron ao extremo das mentiras descaradas, non nos queda outra que facer as seguintes aclaracións:

1ª- Nós non temos nada que ver con "A Marea", nin con ningún outro partido político, sindicato, ou grupo de poder centralizado. Somos autónomas e autoxestionarias, o noso único órgano de decisión é unha asemblea aberta e participativa (á que, por certo, todas estades convidadas) desde a que se toman todas as decisións do Centro Social. Ademais lembrámosvos que desde o movemento okupa xa abrimos Centros Sociais nesta cidade cando gobernou o P.S.O.E., cando gobernou o P.P., agora con "A Marea" e abrirémolos mañá goberne quen goberne. Impórtanos un carallo quen sexa o alcalde, nós seguiremos loitando pola autoxestión, a liberdade e a xustiza social, abrindo dez, cen... mil Centros Sociais!

2ª- O concello NUNCA fixo obras para mellorar a nosa seguridad-

de, como tampouco nos facilitou ningunha axuda económica ou material. Nin nola deu nin a queremos, nós soas bastámonos para autoxestionar e dinamizar este espazo con total independencia e autonomía. O que fixo o concello foi demoler unha ruína que xa tiña orde de derriba antes da nosa okupación, porque dela desprendíanse cascotes sobre a rúa Veiramar. Esa ruína atopábase nun espazo que nós NON usabamos, polo que a nós nola refanfinflaba se a tiraban ou a deixaban estar. A única razón pola que accedemos a que o concello acometese esa obra é porque esa ruína representaba un risco manifesto para os viandantes FORA DA OKUPA. Negarnos á realización desa obra sería unha neglixencia criminal pola nosa banda e unha absoluta irresponsabilidade cara a toda a cidadanía da urbe.

3ª- No noso Centro Social nin vive ninguén de forma permanente nin ninguén saca cartos nin beneficio económico algún. Toda a nosa actividade é SEN ÁNIMO DE LUCRO, e todo o traballo que aquí se realiza é de forma 100% voluntaria. A única recompensa que sacamos é a do traballo ben feito e a de gozar da cultura, o lecer , o deporte e a política anticapitalista e asemblearia que de forma gratuíta e autoxestionada aquí desenvolvemos. Calquera diñeiro recadado nas actividades que aquí se desenvolven invístese integramente nas melloras das instalacións, en causas solidarias ou se garda para sufragar os gastos económicos derivados das máis que seguras sancións penais.

4ª- A sala de usos múltiples onde se realizan os concertos NON corre ningún risco de derriba. Nin tampouco ningún dos lugares que acondicionamos para uso público. As obras nos tabiques foron realizadas con toda garantía por persoal competente e supervisadas por técnicas tituladas. Porque aínda que lle custe crelo a máis dun amante do tópico barato, moitas das persoas que damos vida a este espazo somos competentes profesionais nunha ampla gama de oficios (mesmo con traballo estable a pesar de frecuentar unha okupa!) como arquitectos, albaneis, carpinteiros... e un sen número doutras respectables profesións que contribuen co seu granito de area a facer deste un espazo cómodo, seguro e aberto á cidadanía.

5ª- Por último queremos remarcar que, ademais do interese político localista que move os infundios xornalísticos verquidos na nosa contra, hai outra perigosa razón detrás da campaña mediática de criminalización da okupación. E é que se está preparando unha batería de lexislacións represivas en contra das okupas e en favor dos bancos e fondos privados de investimento que controlan máis do 85% da vivenda deshabitada do estado español. Usando o fenómeno das mafias (moi minoritario e practicamente anecdótico) para criminalizar a un sector da poboación que, afogados pola crise e a recesión provocada por eses mesmos bancos que agora son propietarios da maior parte das vivendas baleiras, non tiveron máis remedio que okupar vivendas para poder vivir. Agora a prensa burguesa, que sempre achanda o camiño creando o clima adecuado para a represión, criminaliza aos desposuídos en favor dos poderosos. Salvagardando o sacrosanto dereito á propiedade privada dos bancos, os grandes propietarios e os fondos voitre fronte ao menosprezado dereito a unha vivenda digna das pobres, as famentas e as desafiuzadas.

Con cariño, rebeldía e moitísima ilusión, as túas veciñas as okupas.

———————————————————

Em resposta a C.Díaz x suko5824

Para o redator/a deste artigo: Caro/a C. Saistes a realizar um artigo sobre um espaço, que fora abandonado durante anos por parte dum estado (nacional, regional e localmente governado polo PP). Há pouco foi okupado por um conjunto de pessoas para converte-lo num espaço comunitário, aberto e diverso, onde promóve-se a cultura, o desporto, as artes, o feminismo, o respeito e o consenso entre as pessoas para gerir entre todas o espaço. Okupou-se porque estava morto mentras o governo local do PP especulava com ele, agora é um espaço vivo, com as suas coisas boas e más. Aos eventos vem gente de todo tipo, como poderás comprovar se te passas por lá. Pero tu entraste lá, tomaste fotografias e volviste á tua empresa para publicar isto e um artigo anterior que geriu vários inconvintes. A vindoura vez que queiras faze-lo aconselho-te que tenhas na conta o seguinte: 1. Um espaço comunitário tem umhas éticas, da igual quém sejas ou a que te adiques. Precisamente é um espaço aberto porque quem ali param acordam um coidado compartilhado, e quem entra deve participar desse coidado. 2. Os roles: Naide lá dentro é espetadora, público, gestor, diretora ou invitado. Todo o mundo é co-responsável, e tem todo o potencial nas suas mãos e todos os ouvidos escuitando para propôr o que quiger, independentemente da sua idade, sexo, condiçom económica ou social, laboral, etc. 3. Como espaço coletivo tem uns protocolos de uso: Quem ali entra compartilha responsabilidade sobre como usar, manter e melhorar o espaço. 4. Como espaço nom reconhecido legalmente, qualquer coisa que exponha a umha pessoa que lá atue ou se encontre temporalmente deveria ser consultada com a assembleia. ... Porque puideste entrar. Esse é um valor incalculável. Tenta fazer o mesmo noutro espaço onde poidas fazer tudo quanto lá viste... Isso conleva umha responsabilidade, porque todas somos pessoas acá, denantes que jornalistas ou okupas. Tu entraste lá, tomaste fotografias onde saem pessoas, volveste á tua oficina e para teu benefício laboral e económico persoal, partilhaste parte do “código” da informaçom sobre as condiçons, situaçom e incluso pessoas que lá se atopam, publicando 2 artigos num meio de comunicaçom privativo com copyright sobre seus contidos. Levaste o “código aberto” a um contexto privado. Saltaste-te a política comunitária para dotar de contido a um meio de comunicaçom convencional. Aproveitaste a entrada livre para gerir um benefício económico persoal. Isto cháma-se saquear os comuns. É grave, pero geralmente produz-se porque quem o fai nom o sabe, nom é conscente. Agora já o sabedes. Se te interesa umha sociedade melhor, aconselho-te que começes a conhecer como algumhas pessoas pensam sobre como se fam e coidam as comunidades. Saúdos.



Novas

Em memória de Joaquina Dorado Pita

*Por **Rafa Maestre** (membro da Fundación Salvador Seguí)*

*Tradução da **Agência de Notícias Anarquistas-ANA***

Joaquina Dorado Pita – A Corunha 25 de junho de 1917 – Barcelona 14 de março de 2017

O passado mês de março é um mês triste para o Movimento Libertário, grandes mulheres militantes nos deixaram. Começou com o desaparecimento da querida Gracia Ventura e de novo temos que comunicar a lamentável notícia da morte da companheira Joaquina Dorado aos 99 anos de idade. Uma referência para os que a conheceram. Uma mulher combativa e lutadora. Toda uma vida de entrega à causa da justiça e da liberdade. Uma vida de compromisso junto a seu companheiro Liberto Sarrau.

Cada vez que Joaquina falava nos dava uma aula de história, suas palavras tinham o significado dos valores que sempre havia defendido na busca da Utopia, do Ideal. Mulher discreta, não gostava de falar na primeira pessoa, das calamidades que havia passado pois considerava que era uma mais das muitas mulheres que havia sofrido a repressão fascista.

Trabalhadora, militante da CNT e das JL (Juventudes Libertárias), suportou dois Conselhos de Guerra, torturas, cárceres, exílio na França, onde participou na resistência francesa; também guerrilheira junto a Quico Sabaté... é o extenso currículo vital desta mulher de têmpera, como diria Sara Berenguer, que nos contava como Joaquina se encarregou da Secretaria do Conselho Econômico da Indústria da Madeira Socializada de Barcelona, em 1938.

Crónica pirata dunha finde de amizade, música e solidariedade en Salamanca.

Informa para todes vós...

***Disnomia**, corresponsal de Abordaxe! en terras salmantinas.*

Esta finde pasada, unha boa cifra de compañeiras antiautoritarias démonos cita na cidade de Salamanca, con motivo da celebración tanto da marcha anual contra a prisión de Topas como do Bike Punk Fest, un festival de música organizado por compas da cidade e sobre o que tamén quixera dicir algunhas palabras.

Para nós, a finde comezou o sábado, xa que por diferentes razóns non nos foi posible chegar antes e non estivemos en Salamanca ata o venres pola noite. O sábado, con todo, dirixímonos cedo ao espazo **"Al Margen"** onde se desenvolvería a segunda xornada do Bike Punk Fest, que ademáis de palestras-debate, concluíu con varios concertos.

Á 13 e pico comezaba a primeira palestra, que tratou sobre os carriles bici, un tema que non estabamos acostumades a tratar en espazos antiautoritarios pero que igualmente levou a un debate interesante, adoptando máis unha estética de taller que de palestra, abrindo unha dinámica participativa. Por que existen os carriles bici? Desde as institucións municipais e os aparellos de propaganda do Estado din que pretenden mellorar a seguridade vial das persoas que usan bicicletas, e ao mesmo tempo fomentar o uso destas. Con todo, tras a palestra xorden inevitablemente varias preguntas: A que intereses respostan realmente esas estruturas? Teñen realmente unha función positiva para as ciclistas? Ou pola contra actúan coma un mecanismo de disciplinamento para o tráfico que marxina ás bicis e perpetúa un modelo de cidade deseñado para os coches e o tránsito frenético e perigoso en vehículos motorizados, sen respecto ningún polas persoas que escollen outros medios de transporte menos tóxicos? Son os coches sinónimo de violencia ou pola contra son ferramentas neutrais? Se analizamos a realidade da maioría das cidades postindustriais nesta modernidade mecanizada, temos que falar necesariamente de cuestións coma o privilexio de espazo que teñen os conductores (comparado co espazo que ocupan ciclistas ou persoas que van a pé) e a escasez de espazo disponible para circular en bicicleta de xeito cómodo e seguro, a dinámica de segregación vial que supoñen en realidad os mal chamados "carriles bici", ou os perigos que supón a prioridade da que disfrutan eses monstros de catro rodas, non só en forma de agresións directas ou indirectas contra o resto (cantas persoas, circulando en bici, tivéchedes que tragar fume dos coches, camións etc. que tiñades diante, aturar a súa prepotencia, as súas maniobras temerarias e excluíntes ou mesmo os seus atropelos?) senón tamén a nivel da configuración do espazo público urbano e as súas consecuencias.

Unha palestra que fixo reflexionar e que se cadra, coma admitía o propio compañeiro que a deu, pode semellar enfocada desde un punto de vista bastante reformista, a min persoalmente pareceume interesante xa que abordou un tema aparentemente inocuo cunha perspectiva crítica que incorporaba elementos de urbanismo, control social, desenvolvemento técnico, e permitía analizar o tema desde distintos puntos. Para máis información do colectivo onde traballa o compañeiro que deu a charla, aconséllovos consultar o blogue "En Bici Al Trabajo" onde tamén podedes atopar máis información e materiais ao respecto.

Despois desta palestra, chegou un comedor vegano, onde degustamos unha rica pasta con boloñesa de soia seguida dun arroz con leite de postre. Antes de nada, parabéns ás persoas que cociñaron! Este espazo serviu, coma de costume, para coñecernos mellor, intercambiar opinións, experiencias e ideas, e para continuar debatindo.

Pasadas as 18:00 e coa comida xa ben asentada, comezaba a segunda palestra do día, titulada ***"Tortura blanca en prisión: 1001 formas de sufrir la cárcel"*** e impartida pola compañeira Laura Delgado, abogada implicada en loitas e colectivos a prol das persoas presas, que falounos destas formas de maltrato que normalmente pasan desapercibidas. Por tortura branca entendemos todas aquelas prácticas de abuso e tortura psicolóxica orientadas a despersonalizar ás persoas presas para lograr a súa sumisión total ou a súa aniquilación. O aillamento prolongado (prohibido supostamente polas súas propias leis pero que sigue aplicándose de xeito regular e duradeiro sobre seres humanos), a privación sensorial (con consecuencias tan diversas coma devastadoras, coma persoas que ao saír do cárcere perden visión ou a capacidade de recoñecer cores debido a non poder ver máis alá dos 4 metros grises da súa celda en 23 das 24 horas do día durante anos e anos, ou a perda de capacidades para a socialización, a autolesión...), a privación de sono, a "vida" en celdas onde o frío é terrible por mor da precariedade absoluta das instalacións, a falta de contacto humano, a vixilancia e interceptación das comunicacións ou a violencia psicolóxica supostamente destinada a facilitar a súa "reinserción" pero que en realidade non busca outra cousa que transformar ás persoas en marionetas sumisas e aterrorizadas, isto por non falar dos supostos "módulos terapéuticos" (coma as UTE) ou os chamados "módulos de respecto", onde as persoas presas convírtense nas súas propias gardas, vixiándose unhas ás outras e facendo elas mesmas o traballo sucio dos carceleiros e da administración, fomentando a delación e o chivateo e rompendo as comunidades de loita dentro dos talegos.

Unha actividade dura e difícil, pero útil e necesaria para comprender o verdadeiro alcance das maquiavélicas e sádicas maquinarias de tortura que reserva a democracia capitalista para toda persoa que se desvíe das normas marcadas. Dicir, por certo, que esta palestra **foi grabada e pronto será subida a Internet** para que todas aquelas persoas que poidades estar interesadas no que alí se falou pero que non puidéchedes estar en Salamanca poidades escoitala. En **Abordaxe**! estamos pendentes para poder difundila.

Tras o debate, chegou o turno dos concertos que completaban a xornada. Nun entorno que en todo momento buscou ser cómodo e onde, de feito, penso que se conseguiu bastante a busca da creación dun espazo seguro para todes, sen agresións e sen actitudes autoritarias/opresivas, varios grupos deleitáronnos cos seus berros e os seus acordes, co correspondente descansiño de rigor entre cada banda para saír fóra papar un dos bocadillos de seitán e ensalada preparados para a cea ou para recuperar o alento botando un ollo ás distris que rodeaban a sala principal cos seus respectivos materiais (libros e fanzines, música, serigrafías...).

Comezaron as compas de Heksa, unha banda de punk rock de Madrid que non levan moita traxectoria pero que non o fixeron nada mal (e a min, de feito, déronme ganas de escoitalas máis a miúdo e de agardar novas produccións musicais coa súa sinatura). De seguido, tocoulle o turno a Na Tulacze, a primeira da tríada de bandas francesas de screamo que tocarían no festi, e no seu caso chegados directamente desde Toulouse, con xente de Fingerprints. Un bó descubrimento. A continuación, chegou a esmagadora escuridade de Neila, unha banda de Bilbao, Euskal Herria, cunha xa longa traxectoria no underground e os sumidoiros máis rebeldes do underground estatal (desde o 1999 facendo ruído!) coa súa mestura de crust, doom, metal e outras atmósferas ruidosas. Entrou en escena logo a segunda das bandas chegadas do territorio francés e que baixaban de Tarbes por primeira vez a esas terras, Les Deux Minutes de La Haine (Os Dous Minutos do Odio), un gran achado que crearon un ambiente propicio para os pogos, os saltos e os bailes que xa se botaba en falta co seu emo-crust escuro, acelerado e distorsionado e que fixéronnos sorrir e mesmo emocionarnos. Deste grupo, a verdade, gustaríame destacar o ambiente de amizade, cercanía e cariño que crearon durante todo o concerto, da gusto atopar persoas que nestes tempos de estéticas caducas e rebeldías sen principios continúan facendo do punk un arma e construindo amizades e espazos de diversión e protesta onde todes se sintan a gusto e onde a humildade sexa sinceira, rexeitando os egos. Ademáis, nos parches do seu grupo (que tiñan á vontade na súa distri) aparece Bambi! (insertar aquí corazonciños varios). O seguinte paso foi a banda coruñesa Black Panda, á que todes coñecían, e que fíxonos saltar e deixarnos a gorxa coreando as letras do seu crust rockandroleiro e salvaxe ambientado nos universos de todas esas pelis de serie b (ou serie z) que as nosas nais e pais non querían que vísemos cando eramos pequenes. Para rematar, Chaviré, a última das bandas de screamo chegadas do país veciño e que deron un concertazo, ao que eu, persoalmente, decidín subirme nunha das gradas a sentarme a velo con calma, o corpo non podía máis e ademáis, levaba un ano querendo velos en directo e quería desfrutar do concerto desde a calma.

Tras isto, un bó sabor de boca, lazos novos e outros vellos reforzados e moitas enerxías coas que recargar as pilas para o día seguinte.

Ao día seguinte, erguíamonos cedo da cama pelexando coas sábanas para dirixirnos ao Centro Social La Perrera, onde quedaramos para reunirnos para saír cara á prisión de Topas para a anual marcha contra esta e todas as cadeas, así como tamén contra o sistema de dominación e as distintas formas de autoridade que convirten en necesarios lugares tan crueis e horribles. Baixo un sol abrasador en pleno comezo de abril alá fomos un puñado de solidarias.

Como non podía ser doutro xeito, cando nos achegabamos ao talego, un amplo dispositivo da garda civil deunos a benvida, facéndonos saír dos vehículos unha por unha para rexistrarnos de arriba abaixo, incluíndo por suposto as nosas mochilas e coches. Tras unha media hora, aproximadamente, retidas na marxe daquela estrada, os picoletos deixáronnos ir, seguíndonos de cerca. Á nosa chegada

ao caldeiro de Topas, gorxas empoderadas, altofalantes, deron forza e vigor aos nosos berros. As habituais consignas anticarcelarias coma ***"Cárcel, CIEs, redadas y fronteras, así se construye la riqueza europea", "prisión demolición", "El rico nunca entra, el pobre nunca sale"*** ou berros pola anarquía e a revolta encheron o aire, conseguindo atravesar os fríos muros da barbarie para chegar ás compas de dentro, que tanto desde os módulos masculinos coma desde os módulos femininos respostaron sacando panos e brazos polas reixas ou mesmo berrando elas tamén. Tamén insultos e exabruptos contra carceleiros e picoletos, facéndolles saber que as nosas compañeiras presas en loita non están soas, e que aquí fóra non esquecemos o seu papel de mercenarios e torturadores que tantas vidas levou por diante.

Despois de rodear o talego e dar volta deténdonos a berrar en cada módulo, contendo as bágoas de raiba e emoción e tratando de facer todo o posible por ser escoitades, dimos por rematada a marcha, regresando aos coches onde, despois de encher un pouco o bandullo e de despedirnos con apertas e intercambio de contactos, encamiñámonos de volta para terras galegas, sen esquecer que nós marchabamos pero elas quedaban alí dentro, e que a loita non é cousa de efemérides concretas senón un compromiso cotián. Escribamos cartas, expresemos a solidariedade na rúa con pintadas, cartaces, material informativo, organicemos palestras e protestas nas nosas cidades ou noutros cárceres. As opcións son moitas e o silencio é complicidade.

Atrás ficou un finde para lembrar, que probou que a solidariedade non para e que mentras existan autoridades, existirán corazóns rebeldes e concienciass libres que as cuestionen, desafíen e ataquen, e se o poder constrúe prisións para tentar aillar ás desobedentes das súas familiares, amigas e compañeiras, nós seguiremos recorrendo centos de kilómetros para transmitirlles cariño e apoio aínda que só sexa durante unhas horas, e para demostrarlle ao Estado que se equivoca cando pensa que pode separarnos e que nin o seu medo nin a súa violencia poden deternos...

Pecho xa esta crónica non sen antes saudar e agradecerlles todo o seu traballo ás distintas compañeiras e compañeiros implicadas na organización e desenvolvemento tanto das xornadas do Bike Punk Fest coma da marcha ao cárcere de Topas. Tamén agradecer ás compas que nos acolleron, que nos deron un colchón e un teito, nos alimentaron e nos coidaron. Sodes marabilloses.

Porque un mundo sen desigualdades non precisaría cárceres...

ABAIXO OS MUROS DE TODAS AS PRISIÓNS E DA PODRE SOCIEDADE QUE AS NECESITA!

Estudos arqueolóxicos confirman a existencia dun "henge" no Concello de Xove.

*Fonte: **mrpatrimonio.blogspot.com***

As obras do corredor costeiro afectaron gravemente este xacemento arqueolóxico que, segundo algunhas fontes, sería o segundo henge que se investiga e descobre na Europa continental.

Segundo soubo Mariña Patrimonio, e a falta de datos oficiais, os traballos arqueolóxicos realizados recentemente na estrutura circular de Lavandeira do concello de Xove confirmaron que se trata dun xacemento arqueolóxico tipo *henge* [1], similar á *Roda de Barreiros*. En agosto de 2015 Mariña Patrimonio solicitara a inclusión deste recinto circular de Xove no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos; tras cuxa solicitude o Servizo de Patrimonio redactou unha "ficha normativizada do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da DXPC", ficha que non ten ningún valor e que non protexe en absoluto os xacementos. Desgraciadamente, o 50% da estrutura circular xa fora agredida e gravemente modificada con anterioridade con motivo da construción dun tramo do corredor costeiro entre San Cibrao e Celeiro. Cando se realizou o estudo arqueolóxico para a realización desta infraestrutura, lamentablemente non se detectou a existencia do citado xacemento arqueolóxico e para paliar este erro, a empresa construtora comprometeuse con Patrimonio a realizar unhas catas co fin de verificar a existencia do posible xacemento; en caso de confirmarse a autenticidade do mesmo, a construtora retiraría o talude, que cobre a metade do círculo, e repoñeríao ao estado anterior ao inicio das obras.

Mariña Patrimonio confía, agora que está confirmada a autenticidade do sitio arqueolóxico, que se devolva o xacemento ao seu estado anterior.

[1] Henge é un tipo de construcción neolítica consistente en movementos de terra en forma de recinto circular peraltado cunha canle interna. O termo *henge* foi empregado por primeira vez en 1932 por Thomas Kendrick tomando a raíz do topónimo Stonehenge, e que procede do inglés antigo *heng*, que significa "suspenso" ou "pendurado".

Existen tres tipos de henges:

• Henge: duns 20 a 300 m de diámetro. Adoitan ter pequenas evidencias de ocupación no interior e estruturas rituais como círculos de pedra.

• Mini henge: de 5 a 20 m de diámetro. Tamén chamados monumento hengiforme ou henge de Dorchester.

• Super henge ou recinto-henge (*henge enclosure* en inglés) presentan mostras de ocupación e adoitan ter máis de 300 m de diámetro.



Opinión

Tinha que dize-lo!!

*Por **O gajeiro na gavea***

Venho de botar umha olhada á página web do que, os nossos governantes da Junta, derom em chamar *"Bosque de Galicia"* e que nom vem sendo mais que umha plantaçom de árbores a eito e só seguindo um traçado desenhado previamente por umha "*paisagista*" e deixando entre elas uns carreiros ou sendeiros destinados para que a cidadania se passeiem ou fagam atividades desportivas. O que vem sendo o primeiro bosque desenhado que conheço.

E além disso, se bem na teoria todas as árvores som autóctones isso nom lhe otorga caráter de bosque, partindo de que ditas árvores nom cumprem com o requisito básico para ser considerado como tais, dado que se tomamos conta da definiçom do Estarviz: **autóctone: *"nascido na própria terra que habita"*,** isto nom se cumpre no nosso caso, dado que essas árvores todas que estám plantando nas ladeiras do Gaias nascerom nalgumha sementeira ou viveiro e só depois de ter medrado um pouco, foram trasplantadas nesse monte.

Dita operaçom de lavado de cara do monte Gaias e da Cidade da Cultura, tem como objetivo conseguir que a gente se achegue até o mausoléu de Fraga e tratar de paliar assim o grande fracaso que está a ser esta obra faraónica que tinha como aspiraçons converter-se no 2º sítio mais vissitado de Compostela depois da Catedral, algo que fica muitíssimo distante. Pero dito lavagem de imagem vai ter **um coste muito elevado** (que pagamos entre todas) **duns 600.000 euros:** a plantaçom já ascendera a uns 300.000 euros e a elo há que sumar algo mais de 273.000 euros do custe da *"rede de iluminaçom para os caminhos e sendeiros do Bosque de Galicia"*; que dito de passo, eu nunca vim um bosque que tivera luz artificial.

E tudo elo rodeado dumha grande parafernália mediática e com nosso presi pousando para a foto no momento de colher o sacho e ir plantar um rebento numha imagem muito imilar a quando colhera umha mangueira para fazer ver que apaga-va um lume

Letras desde o victimario

*Por **Xavier Bayle***

*Tiro e traduzco desde o blogue do compa de L**a Rebelión de las Palabras** este texto de Xavier Bayle, artista ilustrador, escritor, poeta e activista anarquista e antiespecista, titulado "Letras desde o victimario" e que pareceme tan brillante e profundo como desgarrador.*

Ola, son un gato en Corea, unha fermosa rapariga juareziana, un pito en Holanda, un bebé mexicano de experimentación, son un touro bravo en España, son un neno soldado congoleño, son un porco en Italia, unha estudante negra en Moscova, unha vaca en Estados Unidos, son unha caoba no Brasil amazónico, son unha nena vietnamita cando o do Napalm, son un vello cabalo polaco, unha enferma guineoecuatoriana, un can nun albergue cheo, unha xitana naquela Alemaña, un raposo en Poznan, un pato nunha granxa francesa para foie, unha criatura sen fogar chinesa, son un golfiño nas costas de Xapón, unha indíxena que estorba, unha balea sen sorte, un macaco en Covance... Xa me están metendo armas e lume no corpo, son a vida que se perde, son un sabor, unha risa, unha contradición, a consecución dun odio, unha ignorancia, unha solución fácil e nunca final, unha estupidez, son a vítima da perversión de outros. E podo ser moi facilmente ti, en mans deste ser aberrante que arrestou o planeta e fíxoo feudo e fíxoo cárcere e fíxoo inferno. Son a morte que non queres e que che fere a memoria e atemorízache... pero que asestas ás inocentes sen necesidade.

Ola, son unha vida nas túas mans aterrorizada polo medo.

Ola, vasme matar con argumentos.

Ti tes as túas escusas, a túa preguiza, o teu dereito para asasinar, o teu apetito, a túa forza bruta, a túa mezquindade, a túa hipocrisía, o teu paradoxo, a túa paradigma, a túa paramilicia, o teu diñeiro, o teu patriotismo, as túas armas e as túas drogas, as túas avaricias e as túas dogmas, a túa indiferenza e a túa insensibilidade. Eu só teño as respiracións contadas, só a vida que perdo.

Ti tes todo, eu só a vida que perdo.

Fun todas as vidas e a maioría abandoneinas nas túas mans, colgando boca abaixo en ganchos de matadoiro para o despezamento, co prezo fincado tras un escaparate, en forma de tres cuartos en tendas de luxo, en forma de botas de coiro, en forma dunha nova fórmula de champú, nos ocos que os obuses deixaron, en minúsculas gaiolas de ponedurías de ovos, nos bloques once de cada campo de concentración, nos guetos marxinais, nas favelas, nos caixóns de abatemento, nos campos de refuxiados, en forma de vinganza, de gula, de luxuria, de cobiza, de preguiza, de soberbia, de envexa, de ira, en forma de necedad. Nada perde quen nada ten, pero todo ten quen nada ten, excepto a vida.

Porque a vida é todo, todo. E a morte é a nada.

